

Obxectivo

Sensibilizar ao alumnado acerca da situación laboral da muller no municipio de Bueu. A temática dos traballos terá que representar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no traballo. Non se admitirán debuxos con contido sexista, racista, violento ou que incidan na intolerancia, en calquera dos seus aspectos.

Participación

1. Poderán participar no concurso [tod@s @s](mailto:tod@s@alumn@s) alumn@s do último ciclo de Primaria e Secundaria do Concello de Bueu.
2. Cada participante poderá presentar un máximo de 3 traballos.
3. As obras presentaranse en cartolina e poderán ser a cor ou en branco e negro.
4. O formato das ilustracións presentadas pode ser vertical ou apaisado. Tamaño mínimo: 8 x 10 cm. Tamaño máximo: 15 x 21 cm. Os textos serán íntegramente en galego. Na parte inferior levará o lema "A igualdade no Traballo".
5. Os autores non poderán presentar obras que estén en Internet ou foran premiadas noutros concursos e publicadas en calquera medio gráfico, quedando eximido o CIM, de calquera conflito derivado da publicación ou utilización indebida dos traballos presentados.

Presentación

6. As obras entregaranse no Centro de Información ás Mulleres, de Luns a Venres en horario de 8:00 a 14:30 horas:

CIM-Bueu, Rúa de Eduardo Vincenti, núm 28 B, baixo.

7. Os traballos presentaránse en sobre pechado denominado **sobre C**. No reverso da ilustración deberán figurar os datos do alumn@ (nome, apelidos, curso, centro) e o título da obra ou obras presentadas.
8. O prazo de presentación de orixinais abrírase o 1 de febreiro e rematará o 28 de febreiro .

Premios

1º Premio de Primaria: Robot educativo.

1º Premio:1º-4º ESO: Robot educativo.

1º Premio 1º- 4º ESO: Robot educativo.

A obra gañadora deste certame será utilizada como deseño da XII Campaña de educación non sexista, na que se imprimirán calendarios para o ano 2019.

Xurado

O xurado estará formado por tres persoas cualificadas para exercer esta función: a directora e mais a psicóloga do CIM e un/ha profesional entendido/a no tema.

O xurado poderá declarar desertos ou compartidos algún ou todos os premios, así como poderá outorgar mencións especiais se o considera oportuno. Tamén estará facultado para interpretar as bases libremente.

O ditame do xurado será inapelable , farase público antes do día 8 de marzo e será comunicado aos gañadores unha vez producido este.

Os premios entregaranse nun acto público o 8 de marzo de 2018.

Condicións

As ilustracións premiadas quedarán en propiedade do CIM que se reserva todos os dereitos para a utilización, reprodución e difusión das mesmas. As non premiadas, serán devoltas ós seus autor@s .

Observacións

A participación neste Concurso supón a total aceptación das súas bases e da decisión do xurado.

XII CONCURSO DE VIÑETA E ILUSTRACIÓN “A IGUALDADE NO TRABALLO”

Co gallo da Conmemoración, do día 8 de marzo de 2018, *Día Internacional da Muller*, o Centro de Información ás Mulleres do concello de Bueu, convoca entre o alumnado do derradeiro ciclo de Educación Primaria, ESO e Bacharelato, un concurso de viñeta e ilustración baixo a temática “A igualdade no Traballo”.

Información:
Centro de información ás Mulleres
Rúa de Eduardo Vincenti núm 28 B, baixo.
Teléfono: 986324395.

Organiza



Concello de Bueu
Concellaría de Igualdade.



Centro de Información ás Mulleres
De Bueu.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
“O FSE inviste no teu futuro”

Colaboran :

Centros Educativos de
Bueu

XII CONCURSO DE VIÑETA E ILUSTRACIÓN “A IGUALDADE NO TRABALLO”.



Organizado pola Concellaría de
Fomento da Igualdade